



FORO XUVENTUDE EN MOVEMENTO (6ª edición)

7 e 8 de novembro de 2017

Sede: Facultade de Economía e Empresa

Sala: Salón de Graos

Poderá seguirse por videoconferencia na sala de videoconferencias do edificio de Apoio ao Estudo no campus de Esteiro en Ferrol

#xenmovemento17

“Fai futuro!”

Inscrição previa en: xuventudeenmovemento.eu (a partir do 17 de outubro)

7 NOVEMBRO 2017

Bloque #1

10:00h – 14:00h | Internacionalízate: 30 anos de Erasmus

10:00h - 10:30h: Benvida

Julio Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña

José Luis García García, deputado de Promoción Económica e Emprego da Deputación Provincial da Coruña

Margarita Amor López, vicerreitora de Estudiantes, Participación e Extensión Universitaria

Amparo Taboada Gil, directora de Europe Direct A Coruña

Pilar García de la Torre, vicerreitora de Internacionalización e Cooperación

Anxo Calvo Silvosa, decano da Facultade de Economía e Empresa

Organiza:



10:30h - 11:45h: De Erasmus a Erasmus+: 30 anos de historia

Conferencia

Presenta: Pilar García de la Torre, vicerreitora de Internacionalización e Cooperación

Relator: Pablo Martín González, director do SEPIE (Servizo Español para a Internacionalización da Educación)

Resumo: Neste relatorio Pablo Martín, director do Servizo Español para a Internacionalización da Educación, falará da relevancia do programa Erasmus+ en España, resaltando as cifras de mobilidade, os orzamentos estatais e as estratexias de inclusión social dos participantes. Ademais, exporá os resultados das enquisas de satisfacción referentes a diversos aspectos do programa, así como a motivación do estudiantado e a valoración das competencias adquiridas. Finalmente, rememorará algúns datos curiosos acontecidos nos trinta anos do Erasmus.

12:00h - 13:30h: Erasmus: trinta anos cambiando vidas, abrindo mentes

Mesa redonda

Modera: Begoña Crespo, directora da Oficina de Relacións Internacionais da UDC

Relatores:

Xosé Allegue, Erasmus en 1990 na École d'Arquitecture de Lille et Regions Nord (Francia)

Laura Arias, vogal da Asociación ESN na Coruña

Santiago Roura, profesor titular universitario da UDC

Antonio Amado, profesor titular universitario da UDC

Roberto Rodríguez, persoal de administración e servizos da UDC

Teresa Mato, persoal de administración e servizos da UDC

Cristina Vázquez, estudiante da UDC

Luis Santillana, estudiante da Universidade Sénior

Resumo: Mesa redonda para dar a coñecer experiencias do programa de mobilidade Erasmus e as posibilidades que ofrece, programa que este ano celebra o 30º aniversario.

13:30h - 14:00h: Concurso UDC Erasmus Ambassador

Resumo: Presentación dos finalistas do concurso UDC Erasmus Ambassador, votación e entrega do premio.

Entre o bloque #1 e #2 haberá unha **degustación gastronómica internacional**

Organiza:



Bloque #2

16:00h – 20:00h | Están a buscarte

16:00h – 18:00h: A entrevista de traballo: “Eu son o *number one*”

Obradoiro

Presenta: Amparo Taboada, directora de Europe Direct A Coruña - Deputación da Coruña

INPREGA (Sociedade Cooperativa Galega)

Resumo: Este obradoiro permitirános coñecer as técnicas de selección (entrevistas de selección, dinámicas grupais, probas psicotécnicas,...). Nun contexto eminentemente práctico, cada participante será suxeito activo e participativo nas dinámicas dirixidas a coñecer e pór en práctica as técnicas de selección máis utilizadas.

18:15h – 20:00h: O currículo. Como facer un bo currículo

Obradoiro

Presenta: Amparo Taboada, directora de Europe Direct A Coruña - Deputación da Coruña

INPREGA (Sociedade Cooperativa Galega)

Resumo: Facer un bo currículo non é tarefa fácil. Cada día chegan decenas de currículos ás oficinas de recursos humanos. Neste obradoiro ensinaránche a facer un bo traballo co teu currículo, non só explicando as túas experiencias e estudos senón, tamén en canto á presenza e redacción.

Organiza:



8 NOVEMBRO 2017

Bloque #3

10:00h – 14:00h | Atopa o teu lugar

10:00h - 10:30h: Lanzadeiras de Emprego: a mellora da empregabilidade

Conferencia

Presenta: José Rodrigo Sanjurjo Amado, adxunto de Participación da vicerreitoría de Estudiantes, Participación e Extensión Universitaria

Relatora:

Pilar Bonigno, coordinadora da Lanzadeira de Emprego da Coruña

Resumo: O obxectivo do proxecto Lanzadeiras de Emprego, que impulsa a Fundación Santa María la Real, é acadar que un grupo de persoas desempregadas, con diferentes idades, perfiles formativos e traxectorias laborais, adestren unha nova busca de traballo, contacten directamente coas empresas e obteñan un emprego, mediante un método baseado no traballo en equipo.

A mellora da empregabilidade é vital xa que incide en competencias que a ensinanza regulada non inclúe. O traballo de desenvolver estas competencias que acheguen aos/as participantes ao mercado laboral, así como a proactividade e a colaboración son os piares do proxecto.

Desde o 2013 desenvolveuse e comprobouse unha metodoloxía que se mostra efectiva con datos que a avalan: impulsáronse preto de 400 lanzadeiras de emprego con máis de 8000 participantes e unha media de inserción laboral que supera o 50%.

10:30h - 11:30h: Programa Recruiting Erasmus: falan as empresas

Mesa redonda

Modera: Begoña Crespo, directora da Oficina de Relacións Internacionais da UDC

Relatores:

Joaquín Vierna, director xeral, cofundador e socio de AllGenetics

Guillermo López, CEO e cofundador de Torusware

Clara de Lorenzo, directora de RRHH de Gadisa

Alejandro Sánchez, director xerente de +Lenovo

Resumo: Preséntase o programa Recruiting Erasmus e o valor engadido que teñen os alumnos con experiencias Erasmus para as empresas.

Organiza:



11:45h - 13:00h: Mobilidade laboral en Europa: emprego e emprendemento
Sesión informativa

Modera: Amparo Taboada, directora de Europe Direct A Coruña - Deputación da Coruña

Relatores:

“Busco oportunidades de emprego en Europa, a quen chamo?”.
Covadonga López, Conselleira EURES, Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, Xunta de Galicia.

“Aprende a emprender” - Programa Erasmus para Novos e Novas Emprendedores.
María Belén Mendoza Chandas, responsable de proxectos europeos de Erasmus para Novos e Novas Emprendedores da Cámara de Comercio de Santiago.

“Boas prácticas no emprendemento”.

Javier Ramón Ramón, CEO de Viajeros Low Cost, participante no programa Erasmus para Novos e Novas Emprendedores en Malta.

Giacomo Chiari, novo emprendedor italiano, participante no programa Erasmus para Novos e Novas Emprendedores na empresa de acollida Viajeros Low Cost.

Resumo:

EURES é unha rede de cooperación creada para facilitar a libre circulación de traballadores dentro dos 28 Estados membros da UE, Suíza, Islandia, Liechtenstein e Noruega. Na práctica EURES ofrece os seus servizos a través do seu portal (ec.europa.eu/eures) e dunha rede humana que conta con aproximadamente 1000 conselleiros EURES que están en contacto permanente con solicitantes de emprego e empregadores de toda Europa.

O programa "Erasmus para Novos e Novas Emprendedores" está financiado pola Comisión Europea e opera en 37 países con axuda dos puntos de contacto locais, que en Galicia é a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela. Este programa axuda aos aspirantes europeos a empresarios a adquiriren as habilidades necesarias para crear e/ou dirixir con éxito unha pequena ou mediana empresa en Europa. Como novo/a emprendedor/a, beneficiarase dunha formación en prácticas nunha pequena ou mediana empresa en calquera outro país participante.

13:00h - 14.00h: Voluntariado, marca a diferenza

Mesa redonda

Modera: Amparo Taboada, directora de Europe Direct A Coruña - Deputación da Coruña

Relatores:

“Corpo Europeo de Solidariedade”.

Organiza:



Pilar Tamerón Montesinos, representante da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Xunta de Galicia

“Oficina de Voluntariado da UDC”.

Marta Redruello Martín, enviada da OCV en proxecto de coñecemento da realidade.

“Servizo de Voluntariado Europeo”.

Cristina Rodríguez, técnica de programas de voluntariado da Fundación Paideia

Resumo: Mesa redonda para falar do voluntariado e das posibilidades que ofrece a nivel persoal e profesional.

Bloque #4

Implícate no emprendemento e na innovación social

16:00h - 20:00h: CiberPlus, o ecosistema de innovación social

Obradoiro

Presenta: José Rodrigo Sanjurjo Amado, adxunto de Participación da vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria

Relator: Alejandra Betegón, Fundación Cibervoluntarios

Resumo:

Desde Fundación Cibervoluntarios, preséntannos "CiberPlus", un ecosistema integral de innovación social europeo que facilita a creación e mobilización de iniciativas cidadáns orientadas á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) das Nacións Unidas. O obxectivo final é xerar impacto, cambio social. Isto é, potenciar e visibilizar as ideas que as persoas teñen para xerar cambio social e contribuír a o seu impacto real.

Nesta sesión realizarase un obradoiro de formación onde se presentará una plataforma de balde para que os/as cidadáns/as leven a cabo un ciclo completo de innovación social, usando a tecnoloxía para tirar o máximo partido á intelixencia colectiva e traballar de forma colaborativa.

Para poder facer a formación indicada será necesario traer un portátil.

Recorda que:

A asistencia e participación nas actividades do Foro Xuventude en Movemento enmarcarse no plano de formación do estudiantado para a mellora da empregabilidade e darán lugar ao recoñecemento de 1 crédito para os títulos de grao, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- estar debidamente inscrito/a nas actividades e
- asistir a un mínimo de 3 bloques completos do programa (para a solicitude non se pode emplegar un bloque que se utilice para pedir créditos por outras actividades)

Os demais participantes obterán un certificado de asistencia sempre que cumpran as mesmas condicións indicados.

Organiza:

